

MÚSICA 3º ESO CPI SAN VICENTE (A BAÑA)



MATERIAL NECESARIO

Carpeta de fundas ou de aneis (pode ser compartido con outra materia)

PROGRAMACIÓN

No presente curso non empregaremos un libro de texto. É necesario que tomedes apuntes e prepares as diferentes probas escritas a partir dos apuntes e o material complementario que vos proporcione a profesora.

As unidades didácticas a desenvolver neste curso son as seguintes:

3º ESO:

Primeiro trimestre:

Unidade 1: *A música, un pracer*

Unidade 2: *A música, unha función*

Unidade 3: *Gústache a música clásica? Coñece o Clasicismo*

Segundo trimestre:

Unidade 4: *O Barroco: contraste e extremismo*

Unidade 5: *O Romanticismo: sentimentos e identidade*

Unidade 6: *O Renacemento: sensualidade e descubrimentos*

Terceiro trimestre:

Unidade 7: *Idade Media: da monodia á polifonía*

Unidade 8: *O século XX: ruptura e experimentación*

Unidade 9: *A música na actualidade*

Unidade 10: *A danza*

ACTIVIDADE TRIMESTRAL **OBRIGATORIA:**

(A non realización destas actividades supón a **cualificación negativa do trimestre** independentemente das notas obtidas nos demais exercicios prácticos ou teóricos)

Traballo de investigación trimestral:

(SEMPRE EN FORMATO DIXITAL E SEGUINDO AS INDICACIÓNS DA PROFESORA)

- a. **1º trimestre: EN EQUIPO**, montaxe de son: música e publicidade

MÚSICA 3º ESO CPI SAN VICENTE (A BAÑA)

- b. **2º trimestre: INDIVIDUAL**, un compositor
- c. **3º trimestre: EN EQUIPO**, unha corrente musical do século XX

ACTIVIDADES VOLUNTARIAS:

Destinadas a alumnos curiosos e especialmente motivados ou interesados pola música. Poden mellorar a cualificación final de trimestre nun **10% da nota**.

Para calquera delas debes comunicar con tempo á profesora que vas realizar a presentación ou interpretación para así poder organizar a data e hora máis cómoda para todos.

- **Interpretación musical:**
Preparar e interpretar en grupo, ou individualmente, 1 peza musical.
- **Lectura e presentación na aula dalgunha lectura recomendada de tema musical**
Solicita á profesora de música a lista de lecturas recomendadas, e se algunha é do teu interese, lea e preséntaa na aula aos teus compañeiros.
- **Presentación e comentario oral dalgunha película recomendada de tema musical**
Solicita á profesora a lista de películas musicais recomendadas, escolle unha que che apeteza, míraa e preséntaa na aula aos teus compañeiros.
- **Escoita e comentario oral dalgunha audicións recomendada ou seleccionada polo alumno**
Igual que as anteriores.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. Probas orais e escritas sobre os contidos explicados	40 % da nota
2. Actividades de análise musical e audición activa	20 % da nota
3. Actividades voluntarias (de non realizarse, pasan a 1)	10 % da nota
4. Traballos de investigación ou creación	20 % da nota
5. Seguimento do traballo diario na aula	10 % da nota

A nota final obterase da media aritmética das cualificacións das 3 avaliacións.

Ao remate de cada avaliación realizarase unha proba de recuperación para aqueles alumnos que non acadasen o aprobado. Os alumnos que non superen as probas de recuperación trimestral poderán realizar un exame final no mes de xuño para recuperar a materia. De non superar esta proba, deberán examinarse na avaliación extraordinaria de setembro.